

1.<sup>a</sup> parte do ciclo de

# CINEMA

*A lingua galega no cinema*



Entrada de balde ata completar a capacidade

**Abril e maio de 2024**  
Auditorio do Parque Nacional das Illas  
Atlánticas de Galicia (Edificio Cambón)  
Rúa da Oliva, 3. Vigo

Deseño: Área de Imaxe. Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais



1.ª parte do ciclo de

# CINEMA

## A lingua galega no cinema



Abril e maio de 2024  
Auditorio do Parque Nacional das Illas  
Atlánticas de Galicia (Edificio Cambón)  
Rúa da Oliva, 3. Vigo

Entrada de balde ata completar a capacidade

Universidade de Vigo

### A lingua da literatura

**2 de abril, ás 19.00 h**

***Os espazos en branco*, Bruno Arias**

Ano 2023. Duración: 77 minutos.

Bruno non lembra case nada da súa tía, a poetisa Xela Arias, que morreu cando el tiña só 5 anos. Case vinte anos despois, decide facer unha película sobre o seu proceso de coñecemento e conexión coa súa memoria.

Intervén: Bruno Arias.

**9 de abril, ás 19.00 h**

***Pelerinaxes*, Simone Saibene**

Ano 2016. Duración: 74 minutos.

Luzía (Carmen Méndez) percorre as oito etapas da *pelerinaxe* que fixeron Otero Pedrayo, Vicente Risco e Ben-Cho-Shey a pé dende Ourense cara a Santo André de Teixido en 1927 (relato da viaxe publicado no libro *Pelerinaxes I*). Fai esta viaxe coa intención de rematar un proxecto audiovisual empezado na universidade sobre o libro de Otero Pedrayo, xunto a outro compañeiro.

Intervén: Simone Saibene, director e produtor.

Modera: Alfonso Castaña, profesor da Universidade de Vigo.

### A lingua da historia

**23 de abril, ás 19.00 h**

***A illa das mentiras*, Paula Cons**

Ano 2020. Duración: 93 minutos.

Na madrugada do 2 de xaneiro de 1921, o buque Santa Isabel, con destino a Bos Aires e 260 persoas a bordo, afúndese fronte á escarpada e dura costa da illa de Sálvora, en Galicia. Á falta de homes na illa, tres novas insulares, María (Nerea Barros), Josefa (Vitoria Teijeiro) e Cipriana (Ana Oca), deciden ir ao rescate e salvar 48 persoas, un acto heroico que pagarán moi caro. Tras estes feitos, un xornalista arxentino, León (Darío Grandinetti), acode a Sálvora para cubrir a noticia do naufragio. Son moitas as incógnitas que hai que resolver.

Intervén: Victoria Teijeiro, actriz.

Modera: Iolanda Galanes, profesora da Universidade de Vigo.

### A lingua animada

**30 de abril, ás 19.00 h**

***O soño da sultá*, Isabel Herguera**

Ano 2023. Duración: 86 minutos.

*The dream of the Sultana* é un relato feminista indio escrito en 1905 por Begum Rokeya Hussein. Inés é unha directora de animación española de 30 anos que se atopa en Ahmedabad para romper co seu amante indio. Casualmente, entra nunha librería onde descobre esta novela na que se narra un país imaxinario gobernado por mulleres. Fascinada pola historia e pola actitude transgresora da autora, Inés decide facer unha película.

Intervén: Chelo Loureiro, produtora.

Modera: Lourdes Lorenzo, profesora da Universidade de Vigo.

**2 de maio, ás 19.00 h**

**Mesa redonda «A lingua animada en Galicia»**

Conversa sobre o cinema de animación en galego contemporáneo.

Intervenien: Chelo Loureiro (produtora), Alberto Vázquez (director), Severiano Casalderrey (programador de Imaxinaria), David Fidalgo (director) e Pamela Poltronieri (directora de animación).

Modera: Simone Saibene, director e produtor.

### A lingua galega nas curtametraxes

**9 de maio, ás 19.00 h**

***Xoves de comadres*, Noemí Chantada**

Ano 2020. Duración: 18 minutos.

Unha tenaz coidadora (Noelia Castro) tenta gañar a confianza dunha avoa de carácter difícil (Aurora Maestre). Cando parece que o consegue, a vellez toma a palabra.

***Mentres iso pasa*, Nacho Ozores**

Ano 2020. Duración: 8 minutos.

Nico (Denís Gómez) é un home con obsesións e compulsións que lle impiden facer unha vida normal.

Hoxe volve chegar tarde a un adestramento. Nico necesita que ese inferno na súa cabeza pase. Por sorte hai alguén que lle pode axudar.

***Sandwich Cat*, David Fidalgo**

Ano 2022. Duración: 11 minutos.

David vive só co seu gato, Sandwich Cat. Parecía un día calquera sen máis, pero unha visita inesperada conducirao a unha reflexión crucial para a humanidade.

***A rabia*, Alberto Díaz**

Ano 2022. Duración: 16 minutos.

A vida de Filomena (Zoe de la Torre) está tinguida de pobreza e dunha triste sombra de calamidade e tormento. Os terribles acontecementos da súa infancia, nunha aldea galega de finais do século XIX, marcarán o carácter da súa existencia. A pesar de todo, terá oportunidade de cambiar o seu destino?

***Nena*, Xosé A. Touriñán e Jairo Iglesias**

Ano 2023. Duración: 15 minutos.

Unha familia de cinco membros cambalea tras a morte dunha muller: nai, esposa, nora, cuñada... Unha situación que rompe o núcleo familiar e que lle deixa a responsabilidade deste a unha nena de 12 anos (Antía Touriñán). Ante a falta de capacidades ao seu redor, asume un rol imposto e leva ás súas costas a supervivencia de tres homes.

Intervenien: as directoras e directores das curtametraxes.

Moderan: Aroa Vázquez, profesora da Universidade de Vigo, e Severiano Casalderrey, programador de Imaxinaria.